



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### NARÓN

##### Intervención

*Edicto aprobación definitiva da ordenanza nº 38*

##### EDICTO

**Aprobación definitiva da ordenanza nº 38 reguladora das prestacións patrimoniais públicas non tributarias pola prestación dos servizos de subministración de auga potable, saneamento de depuración de augas residuais do Concello de Narón.**

O Pleno do Concello de Narón, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de setembro de 2020, aprobou inicialmente a ordenanza nº 38 reguladora das prestacións patrimoniais públicas non tributarias pola prestación dos servizos de subministración de auga potable, saneamento de depuración de augas residuais do Concello de Narón.

O expediente e o texto da ordenanza estiveron expostos ao público polo prazo de 30 días hábiles, sen que durante o devandito prazo se producira ningunha reclamación.

Rematado o prazo de información pública, sen que se producira ningunha reclamación, faise pública a automática aprobación definitiva do devandito expediente, así como o texto íntegro da ordenanza, de acordo co disposto polo Pleno da Corporación, e en cumprimento do preceptuado nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

#### **ORDENANZA Nº 38 REGULADORA DAS PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS PÚBLICAS NON TRIBUTARIAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS**

##### I.- FUNDAMENTO E NATUREZA

**ARTIGO 1.** Segundo o disposto nos artigos 142 e 31.3 da Constitución así como no artigo 105.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigos 2 e 20.6 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Narón regula a prestación patrimonial de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais.

Ademais, as condicións de uso de tales servizos e as relacións entre a entidade xestora dos mesmos e os abonados rexeranse polo Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento do Concello de Narón.

##### II.- SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

##### **ARTIGO 2. OBXETO DA PRESTACIÓN E SERVIZOS PRESTADOS.**

Constitúe o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público a recepción dos servizos, que a continuación se detallan, prestados polo Concello de Narón en réxime de xestión indirecta, baixo a modalidade de sociedade de economía mixta. En particular, a regulación das tarifas pola prestación dos servizos de subministración de auga potable e outras actividades conexas e complementarias de tales servizos.

Os servizos que se prestan concréntanse na disponibilidad real ou potencial, ou uso efectivo e posible, dos servizos e das actividades reguladas nesta ordenanza.

Dentro da zona urbana, tódolos inmobles que dispoñan de acometida de abastecemento deberán aboar a cota de servizo, aínda cando se atopen sen uso ou desocupados. Dita cota continuará devengándose mentres exista a cometida á rede xeral, con independencia da situación de alta, baixa, ou suspensión do subministro cando proceda.

Entenderase como vivenda susceptible de ser habitada aquela que dispoña do correspondente certificado de habitabilidade ou, no seu defecto, dos servizos que posibilitan a súa ocupación: subministración de enerxía eléctrica e redes de abastecemento de auga e saneamento, no seu caso, agás no caso de que o inmovible estea declarado en estado de ruína ou presente síntomas manifestos que impidan o uso residencial, circunstancia que deberá acreditarse por informe da Policía Local ou, no seu caso, polos servizos técnicos municipais.

Presumirase que unha vivenda está ocupada cando se produza consumo de auga, de enerxía eléctrica ou de calquera outra subministración.

### ARTIGO 3. OBRIGADOS AO PAGAMENTO.

1.- É suxeito obrigado ao pagamento a persoa física ou xurídica así como as entidades sen personalidades xurídica, tales como comunidades de bens ou herdanzas xacentes que utilicen ou se beneficien dos servizos prestados.

A titularidade do servizo será a nome do propietario da vivenda, local ou industria independentemente que o recibo poida ser aboado polo arrendatario ou ocupante das mesmas.

2.- Serán responsables subsidiarios do pagamento os propietarios dos inmobles nos que se presten os servizos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

### ARTIGO 4. TARIFAS E COTA DO SERVIZO

1.-O importe das tarifas pola prestación dos servizos establécese da seguinte forma:

a) Pola cota de servizo establecida en cada caso máis a cota de consumo.

b) A cota de consumo estará determinada polo volume de auga consumida por contador. Será o produto do volume de auga consumida por contador por cada trimestre, expresada en metros cúbicos multiplicada polo prezo por metro cúbico correspondente ao tramo de consumo e o grupo de actividade do que se trate (cadro I).

c) No suposto de que non se practique tal medición por causa imputable ao abonado, establécese unha cota de consumo de 10 m<sup>3</sup> mensuais no caso de usos domésticos e de 30 m<sup>3</sup> mensuais no caso de usos industriais.

d) No caso de usuarios domésticos, se a falta de medición se debe á carencia de contador, notificaráselle ao abonado a necesidade de instalación de tal aparello. Pasados tres meses desde o dito aviso sen que se proceda á colocación do contador sen alegar causa xustificada, a cota de consumo estimarase en 20 m<sup>3</sup> mensuais.

2.-No seguinte cadro I fíxanse as cotas de servizo e cotas de consumo para cada uso (doméstico, industrial, obra menor (vivendas unifamiliares) e obra maior (edificios de varias plantas)).

CADRO I:

USO	COTA SERVIZOS (€/trimestre)	DENDE (M3/TRIMESTRE)	ATA (M3/TRIMESTRE)	COTA DE CONSUMO (€/M3)
DOMÉSTICO	14,09	0	30	0,1089
		31	45	0,1291
		46	60	0,7148
		61	99999	0,9540
INDUSTRIAL CATEGORÍA I	37,19	0	30	0,2027
		31	90	0,2155
		91	300	0,8100
		301	500	0,9650
		501	1000	1,0452
INDUSTRIAL CATEGORÍA II	23,69	0	30	0,2027
		31	90	0,2115
		91	300	0,7802
		301	500	0,9650
		501	1000	1,0452
INDUSTRIAL CATEGORÍA III	25,39	0	30	0,2027
		31	90	0,2155
		91	300	0,8100
		301	500	0,9650
		501	1000	1,0452
OBRA MENOR	68,31	0	30	0,2027
		31	90	0,2155
		91	300	0,8100
		301	500	0,9650
		501	1000	1,0452
OBRA MAIOR	191,12	0	30	0,2027
		31	90	0,2155
		91	300	0,8100
		301	500	0,9650
		501	1000	1,0452
		1001	99999	1,1329

Dentro do uso industrial inclúense as seguintes categorías:

– Categoría I: nesta categoría englobanse comercios en xeral, oficinas, pequenas clínicas, bancos, salóns de peiteado e negocios non incluídos nas categorías II e III.

– Categoría II: nesta categoría englobanse negocios relacionados coa hostalaría coma bares, restaurantes, establecementos hoteleiros, cines, residencias ou similares.

– Categoría III: nesta categoría englobanse talleres, concesionarios, gasolineiras, industrias, naves industriais ou similares.

Para os establecementos comerciais polo miúdo será de aplicación a tarifa para usos industriais categoría I, con carácter xeral, excepto que o consumo medio mensual non exceda de 10 metros cúbicos mensuais, neste caso pasarían a tributar pola tarifa de usos domésticos.

3.- Por cada orella que facilite o servizo, pagarase unha soa vez e en concepto de alugamento a cantidade de 59,05 € depositando unha fianza de 157,29 € para responder do seu reintegro ao servizo.

4.- Por cada acometida á rede xeral: a cota que resulte de multiplicar 31,50 € polo número de vivendas e locais comerciais, industriais e profesionais asentados no inmovible.

5.- Por dereitos de enganche e colocación de contador, unha vez solicitada a alta como abonado 15,72 €.

6.- Por cada acometida á rede xeral de abastecemento de auga potable na zona rural 454,31 €/vivenda. No caso de solicitarse durante a execución da obra de instalación da rede xeral, aplicarase unha cota reducida de 215,52€/vivenda.

7.- Por consumo de auga para usos especiais, por número limitado de días, cando non sexa posible a instalación do contador correspondente, pagarase unha tarifa de 56,12 €. En concepto de consumo de auga a cano libre. Limitándose este importe para unha ubicación concreta e o máximo dun mes.

8.- No caso de solicitude de planos e sinalización das redes de abastecemento e saneamento, para determinar a confluencia destas con outros servizos ou obras a executar, aboarase unha tarifa de 67,18 €/solicitude. Tarifa que incluíra a entrega do plano de localización e sinalización das canalizacións na obra. Incluíndose dentro da solicitude un máximo de 200 metros de canalización.

#### 9.- CONTADORES:

9.1.- A venda ou aluguer dos contadores, que realice a entidade xestora do servizo realizarase de conformidade coas tarifas vixentes.

Tarifas para contadores en réxime de aluguer:	
CALIBRE	
Contadores de 13 mm	0,63 €/mes
Contadores de 15 mm	0,63 €/mes
Contadores de 20 mm	1,33 €/mes
Contadores de 25 mm	1,73 €/mes
Contadores de 30 mm	7,55 €/mes
Contadores de 40 mm	9,56 €/mes
Contadores de 50 mm	12,34 €/mes
Contadores de 65 mm	15,24 €/mes
Contadores de 80 mm	20,17 €/mes
Contadores de 100 mm	25,38 €/mes
Contadores de máis de 100 mm	37,52 €/mes
Tarifas para venda contadores:	
CALIBRE	
Contadores de 13 mm	33,42 €
Contadores de 15 mm	52,45 €
Contadores de 20 mm	69,19 €
Contadores de 25 mm	119,11 €
Contadores de 30 mm	123,65 €
Contadores de 40 mm	257,90 €
Contadores de 50 mm	572,16 €
Contadores de 65 mm	708,28 €
Contadores de 80 mm	802,94 €
Contadores de 100 mm	985,45 €
Contadores de 150 mm	1.401,71 €
Contadores de 200 mm	2.605,35 €

Para os contadores de calibre maior a 65 mm a tarefa de colocación suporá un incremento no custo segundo orzamento, que facilitará a empresa xestora, e que correrá por conta do abonado.

9.2.- Co obxecto de facilitar o acceso aos contadores, estes deben instalarse nun lugar de uso comunitario e de acceso doado.

O Concello poderá esixir a recolocación dun contador por non estar en lugar adecuado.

No caso de que a instalación exterior do contador non sexa viable por razóns técnicas, este poderá instalarse no interior da vivenda ou local, pero irá dotado obrigatoriamente dun sistema de lectura remota, que instalará o concesionario dependendo das características da instalación. Pagando o aboado unha cota de 67,59 euros/ud polo sistema de lectura remota.

9.3.- Nas acometidas destinadas a redes contra incendios será obrigatoria a colocación dun caudalímetro ou contador de paso libre, que o abonado pode adquirir libremente nos lugares que considere oportuno. A empresa xestora disporá de caudalímetros e contadores de paso libre para a súa venda ou ben para súa colocación en réxime de aluguer. O custo do aluguer incluírase no recibo de subministración. No caso dos caudalímetros aplicarase segundo as seguintes tarifas:

Tarifa de aluguer de caudalímetros	
Caudalímetro de 50 mm	31,46 €/mes
Caudalímetro de 65 mm	31,46 €/mes
Caudalímetro de 70 mm	31,46 €/mes
Caudalímetro de 80 mm	31,46 €/mes
Caudalímetro de 100 mm	39,33 €/mes
Caudalímetro de 125 mm	39,33 €/mes
Caudalímetro de 150 mm	39,33 €/mes
Caudalímetro de 200 mm	39,33 €/mes
Tarifa de venda de caudalímetros	
Caudalímetro de 50 mm	2.365,69 €
Caudalímetro de 65 mm	2.380,95 €
Caudalímetro de 80 mm	2.394,97 €
Caudalímetro de 100 mm	2.444,58 €
Caudalímetro de 125 mm	2.659,58 €
Caudalímetro de 150 mm	2.886,84 €

9.4.- Ademais da posibilidade de verificación do contador polo Organismo Oficial facultado, aqueles abonados que así o decidan, poderán solicita-la verificación do seu contador por parte da entidade xestora do servizo, depositando o importe de 34,07€ en concepto de fianza.

Se o resultado de verificación fose que o contador estivese en bo estado, non sería devolta esta fianza, e en caso de avaría, se lle reintegraría a fianza ó depositante, e rectificariáanse as facturacións emitidas erroneamente. As anteriores tarifas serán de aplicación xeral agás a aqueles organismos ou entidades cunha tarifa fixada mediante concerto expreso entre as partes.

Se o resultado de verificación fose que o contador estivese en bo estado, non sería devolta esta fianza, e en caso de avaría, se lle reintegraría a fianza ó depositante, e rectificariáanse as facturacións emitidas erroneamente.

#### **ARTIGO 5. NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO**

A obrigación de pago nace cando se inicie a actividade municipal de prestación do servizo que constitúe o seu suposto de esixencia, coas seguintes peculiaridades:

- Abastecemento de auga potable. Enténdese que nace a obrigación de pago cando se formalice o oportuno contrato ou póliza de abono, ou no seu caso, desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de abastecemento municipal ou a mesma deba terse solicitado.

O nacemento da obrigación de pago da tarifa por esta última modalidade producirase con independencia de que se obtivo ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente que poida tramitarse para a súa autorización.

- A obrigación de pago polos servizos a que se refire o artigo 4, cando se trate de actividades ou servizos de tracto sucesivo ou aos que corresponde facturación periódica, nacen o momento en que se formalice o contrato ou póliza de abono e, cando se trate de actividades puntuales, nacen cando se solicita á entidade xestora o servizo ou, no seu caso, cando pola mesma realízanse as actividades que dan dereito ao seu esixencia.

- As tarifas correspondentes esixíranse no momento de darse de alta do servizo, con carácter previo á súa prestación.

-No uso de aparatos contadores, pola súa instalación e posta en funcionamento.

#### **ARTIGO 6. NORMAS DE XESTIÓN**

1.- Entenderase por abonado, para os efectos desta ordenanza, toda persoa natural capacitada legalmente para contratar, ou xurídica á que se lle concedese a prestación do servizo de auga.

2.- Non se concederá alta a abonados que se trasladen de domicilio e non se atopen ao corrente no pagamento da auga que consumiran no domicilio anterior.

A contratación realizarase nas oficinas da entidade xestora do servizo.

Os abonos para o servizo solicitaranse calquera que sexa o uso ao que se destinan, mediante a oportuna petición de alta e subscripción da póliza de abono, na que o interesado declarará ademais da filiación e domicilio, fin e uso ao que destinará a auga, fronte da vivenda, e demais datos complementarios para o perfecto coñecemento e determinación da clase e importancia do servizo que se pretenda e concesión e instalación do aproveitamento. As peticións levarán implícito o compromiso do peticionario a cumprir as disposicións consignadas na presente ordenanza.

Os contratos ou pólizas de abono serán facilitadas ou cubertas gratuitamente pola oficina do servizo da entidade xestora.

A alta no servizo produce de forma automática a alta na rede de sumidoiros e recollida de refugallos sólidos urbanos, no caso de que os servizos se presten simultaneamente.

3.- Soamente o abonado, ou sucesor legal dos dereitos deste respecto da propiedade abastecida, pode solicitar a baixa no servizo.

Nas vivendas que exista instalación de auga é obrigación do dono pasar aviso ao Concello das datas nas que quede desalugada e na que volva ser ocupada e deberá dispor do contrato de subministración para cada unha delas.

4.- A xestión, liquidación e recadación desta prestación patrimonial de carácter público realizarase conforme ao disposto nesta Ordenanza e, con carácter supletorio, conforme ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral, Lei Xeral Tributaria e Regulamento Xeral de recadación.

Corresponderán á entidade xestora do servizo . as operacións materiais de dita xestión.

As liquidacións practicadas en virtude desta Ordenanza serán obxecto de aprobación polo órgano competente do Concello de Narón.

#### **ARTIGO 7.- LIQUIDACIÓN E INGRESO**

A liquidación e ingreso da prestación patrimonial de carácter público non tributario, obedecerá ás seguintes normas:

1. Consumo de auga: mediante lectura periódica do aparato contador, facturándose o consumo en recibo trimestral que será abonado nos prazos de pago previstos no acordo de aprobación adoptado polo Concello.

2. O pago do recibo unificado de auga, lixo e saneamento e depuración efectuarase preferentemente mediante domiciliación bancaria.

3. Os recibos impagados serán exaccionados pola vía administrativa de prema.

4. As tarifas establecidas neste ordenanza non inclúen o Imposto do Valor Engadido (IVE) que lles será de aplicación en cada caso conforme á normativa vixente.

5. O cese no suministro por peche ou demolición dos edificios ou, por desocupación das vivendas ou locais, deberá ser comunicado polo abonado interesado que solicitará a correspondente baixa no servizo. En caso contrario, o abonado continuará suxeito ao pago da prestación e ás demais responsabilidades que poidan derivarse do uso do servizo.

#### **ARTIGO 8.- BONIFICACIÓNS**

Salvo que se constate a inexistencia de situación de necesidade, conforme ao disposto no Regulamento Municipal de Axudas Financeiras, poderán terse en conta criterios xerais de capacidade económica das persoas obrigadas a satisfacer as cotas resultantes da aplicación das tarifas.

1.- Bonificarase nun 75 por 100 sobre a tarifa prevista:

- As unidades familiares de 1-2 membros que non alcancen o 100% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

- As unidades familiares de 3-4 membros que non alcancen o 125% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

- As unidades familiares superiores a 4 membros que non alcancen o 150% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

2.- Bonificarase nun 50 por 100 sobre a tarifa prevista:

- As unidades familiares de 1-2 membros con capacidade económica comprendida entre o 100% e o 110% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

- As unidades familiares de 3-4 membros con capacidade económica superior ao 125% do IPREM e que non supere o 135% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

- As unidades familiares superiores a 4 membros con capacidade económica superior ao 150% do IPREM e que non superen o 160% IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

(\*). En aplicación do Real decreto – Lei 3/2004, a referencia ao IPREM vén determinada pola contía anual con inclusión das pagas extraordinarias.

3.- Para o cómputo da renda teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal, de manterse a mesma situación no momento da solicitude. Caso de variar a situación económica, ou de non estar obrigado a presentar a declaración fiscal, teranse en conta os datos fiscais dispoñibles, pensión coñecida, así como calquera outro ingreso ou recurso económico da unidade de convivencia.

4.- Esta bonificación unicamente poderá ter lugar para a que sexa a vivenda familiar habitual.

5.- O prazo para solicitar a bonificación será dende o 1 de setembro ao 20 de setembro de cada ano, producindo os seus efectos a partir de xaneiro do ano seguinte.

6.- A solicitude, según modelo oficial facilitado polo Concello, incorporará a declaración responsable de que o beneficiario deberá estar ao corrente no pago das súas débedas coa Facenda Municipal, en cumprimento do art. 51.6 da Ordenanza fiscal nº1 Xeral de Xestión, Recadación e Inspección.

Para o caso de vivendas alugadas o acordo adoptado na resolución desta solicitude será notificado ao propietario do inmovible.

Coa solicitude deberán acompañar a documentación que na mesma se especifica.

7.- As bonificacións concedidas poderán ser obxecto de revisión, a petición do interesado ou de oficio, por modificación das condicións tidas en conta para a concesión da bonificación.

### III.- SERVIZOS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

#### ARTIGO 9.- OBXETO DA PRESTACIÓN E SERVIZOS PRESTADOS.

1.- Constitúe o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público a recepción dos servizos, que a continuación se detallan, prestados polo Concello de Narón en réxime de xestión indirecta, baixo a modalidade de sociedade de economía mixta. En particular, a regulación das tarifas pola prestación dos servizos de saneamento e depuración de augas residuais e outras actividades conexas e complementarias de tales servizos.

2.- A este respecto, os servizos que se prestan concréntanse na disponibilidad real ou potencial, ou uso efectivo e posible, dos servizos e das actividades reguladas nesta ordenanza, e son os que a continuación se enumeran:

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiros municipal.

b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a vivendas, aloxamentos, locais, establecementos ou parcelas, a través da rede de sumidoiros municipal (saneamento en baixa).

c) Conducción dos vertidos da rede de saneamento en baixa á EDAR de Cabo Prioriño, a través do Interceptor Xeral (saneamento en alta) a Estación de Bombeo de A Malata e EDAR de Cabo Prioriño para o seu tratamento (depuración en alta).

d) Tratamento das augas residuais nas EDAR de Pedroso e Sedes (depuración).

e) A recepción e tratamento do contido de fosas sépticas para o seu posterior tratamento e depuración, nas EDAR de Pedroso e Sedes.

3.- Os servizos indicados no apartado 2 a), b) e c) do presente artigo serán de recepción obrigatoria, polo que en consecuencia, todos os inmobles enclavados a distancia inferior a cen metros dalgunha arteria da rede de sumidoiros, deberán estar dotados destes servizos percibíndose as cotas correspondentes aínda cando os suxeitos pasivos non realicen o enganche á rede xeral, o incluso se o inmovible se atope sen uso ou sen ocupar, neste caso aboarase a cota de servizo (tanto do saneamento en baixa, coma do saneamento en alta).

Entenderase como vivenda susceptible de ser habitada aquela que dispoña do correspondente certificado de habitabilidade ou, no seu defecto, dos servizos que posibilitan a súa ocupación: subministración de enerxía eléctrica e redes de abastecemento de auga e saneamento, no seu caso, agás no caso de que o inmovible estea declarado en estado de ruína ou presente síntomas manifestos que impidan o uso residencial, circunstancia que deberá acreditarse por informe da Policía Local ou, no seu caso, polos servizos técnicos municipais.

Presumirase que unha vivenda está ocupada cando se produza consumo de auga, de enerxía eléctrica ou de calquera outra subministración.

Para as zonas do Concello de Narón, onde a rede de sumidoiros (saneamento en baixa), verta directamente nunha depuradora de augas residuais (EDAR) de titularidade municipal, será de recepción obrigatoria o servizo indicado no apartado d), non sendo de aplicación o apartado c). Aplicándose a todos os inmovibles enclavados a distancia inferior a cen metros dalgunha arteria da rede de sumidoiros, percibíndose as cotas correspondentes (apartados a), b) e d)) aínda cando os suxeitos pasivos non realicen o enganche á rede xeral, o incluso se o inmovible se atope sen uso ou sen ocupar, neste caso aboarase a cota de servizo.

O servizo indicado no apartado d) será de recepción obrigatoria a tódalas fosas sépticas de vivendas ou fosas sépticas asimilables (non procedentes de vivendas pero nas que a contaminación presente na auga residual afluente á fosa proceda exclusivamente do metabolismo humano), sempre que a capacidade das instalacións municipais o permita.

4.- As vivendas, locais comerciais e industriais que dispoñan de subministración a través de Comunidades de augas veciñais e os titulares de actividades industriais, con sistema de captación debidamente autorizado, deberán instalar un contador de medida que permita a súa lectura e comprobación por parte da entidade concesionaria do servizo ó obxecto de determinar a correspondente cota de consumo, polo que o devandito aparello deberá estar situado nun lugar accesible para o persoal lector desta empresa ou técnicos municipais.

No suposto de non instalar este aparello de medida, nun prazo de tres meses dende a comunicación por parte da concesionaria, poderase facturar o consumo autorizado para a captación. Se non se dispón dos datos de consumo autorizado da capatación, a concesionaria poderá instalar un caudalímetro na acometida de saneamento, realizando unha estimación do consumo a partir dos datos obtidos do caudalímetro (unha vez descontado o consumo do contador correspondente ao consumo da rede de abastecemento municipal), e repercutindo a tarifa de aluguer do caudalímetro á vivenda/local comercial/industria.

A este consumo, rexistrado polo aparello de medida ou estimado, será de aplicación o indicado no apartado 3 deste artigo.

#### **ARTIGO 10.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO.**

1.- É suxeito obrigado ao pagamento a persoa física ou xurídica así como as entidades sen personalidades xurídica, tales como comunidades de bens ou herdanzas xacentes que utilicen ou se beneficien dos servizos prestados.

A titularidade do servizo será a nome do propietario da vivenda, local ou industria independentemente que o recibo poida ser aboadado polo arrendatario ou ocupante das mesmas.

2.- Serán responsables subsidiarios do pagamento os propietarios dos inmovibles nos que se presten os servizos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo

#### **ARTIGO 11.- TARIFAS E COTA DO SERVIZO**

1- O importe das tarifas pola prestación dos servizos establécese da seguinte forma:

a) Pola cota de servizo establecida en cada caso máis a cota de consumo. Establecéndose unha cota de servizo e unha cota de consumo independentes para o saneamento en baixa e o saneamento en alta. Cotas que aplicaranse conxuntamente.

b) Para as zonas do Concello de Narón onde a rede de sumidoiros verta directamente nunha depuradora de augas residuais (EDAR) de titularidade municipal, será de aplicación unha cota de depuración en lugar da cota de saneamento en alta. Constituída por unha cota de servizo mais unha cota de consumo.

c) As cotas de consumo estarán determinadas polo volume de auga consumida por contador. Será o produto do volume de auga consumida por contador por cada trimestre, expresada en metros cúbicos multiplicada polo prezo por metro cúbico correspondente ao tramo de consumo e o grupo de actividade do que se trate (cadros I, II e III).

d) No suposto de que non se practique tal medición por causa imputable ao abonado, ben sexa por non poderse realizar a lectura do contador ou pola inexistencia do mesmo, establecece unha cota de consumo de 10 m<sup>3</sup> mensuais no caso de Usos Domésticos e de 30 m<sup>3</sup> mensuais no caso de Usos Industriais. No caso de que dita imposibilidade mantéñase máis

dun trimestre, se tomará como cota de consumo o aforo máximo de captación de auga que a Administración Hidráulica correspondente teña concedida ao usuario para o período de lectura.

e) No caso de usuarios domésticos con alta no servizo de abastecemento, se a falla de medición se debe á carencia de contador, notificarase ao abonado a necesidade de instalación de tal aparello. Pasados tres meses desde dito aviso sen que se proceda á colocación do contador sen alegar causa xustificada, a cota de consumo estimarase en 20 m3 mensuais.

2.- Usos domésticos: No cadro I, II e III fíxanse as cotas de servizo e cotas de consumo para os usos domésticos.

3.- Usos industriais e outros: No cadro I, II e III fíxanse as cotas de servizo e cotas de consumo para os usos industriais e outros.

**CADRO I: Cotas de servizo e consumo para o saneamento en baixa.**

USO	COTA SERVIZO (€/TRIMESTRE)	DENDE (M3/TRIMESTRE)	ATA (M3/TRIMESTRE)	COTA DE CONSUMO (€/M3)
DOMÉSTICO	8,27	0	30	0,0670
		31	45	0,0782
		46	60	0,3593
		61	99999	0,4794
INDUSTRIAL CATEGORÍA I	21,85	0	30	0,1076
		31	90	0,1133
		91	300	0,3055
		301	500	0,4351
		501	1000	0,4771
		1001	99999	0,5180
INDUSTRIAL CATEGORÍA II	13,91	0	30	0,1076
		31	90	0,1133
		91	300	0,2942
		301	500	0,4351
		501	1000	0,4771
		1001	99999	0,5180
INDUSTRIAL CATEGORÍA III	14,91	0	30	0,1076
		31	90	0,1133
		91	300	0,3055
		301	500	0,4351
		501	1000	0,4771
		1001	99999	0,5180
OBRA MENOR	40,13	0	30	0,1076
		31	90	0,1133
		91	300	0,3055
		301	500	0,4351
		501	1000	0,4771
		1001	99999	0,5180
OBRA MAIOR	112,24	0	30	0,1076
		31	90	0,1133
		91	300	0,3055
		301	500	0,4351
		501	1000	0,4771
		1001	99999	0,5180



## CADRO II: Cotas de servizo e consumo para o saneamento en alta.

USO	COTA SERVIZOS (€/TRIMESTRE)	DENDE (M3/TRIMESTRE)	ATA (M3/TRIMESTRE)	COTA DE CONSUMO (€/M3)
DOMÉSTICO	5,76	0	30	0,0489
		31	45	0,0572
		46	60	0,2625
		61	99999	0,3503
INDUSTRIAL CATEGORÍA I	15,22	0	30	0,0794
		31	90	0,0828
		91	300	0,2231
		301	500	0,3179
		501	1000	0,3486
INDUSTRIAL CATEGORÍA II	9,68	0	30	0,0794
		31	90	0,0828
		91	300	0,2154
		301	500	0,3179
		501	1000	0,3486
INDUSTRIAL CATEGORÍA III	10,38	0	30	0,0794
		31	90	0,0828
		91	300	0,2231
		301	500	0,3179
		501	1000	0,3486
OBRA MENOR	27,98	0	30	0,0794
		31	90	0,0828
		91	300	0,2231
		301	500	0,3179
		501	1000	0,3486
OBRA MAIOR	78,18	0	30	0,0794
		31	90	0,0828
		91	300	0,2231
		301	500	0,3179
		501	1000	0,3486
		1001	99999	0,3784

## CADRO III: Cotas de servizo e consumo para a depuración en baixa.

USO	COTA SERVIZOS (€/TRIMESTRE)	DENDE (M3/TRIMESTRE)	ATA (M3/TRIMESTRE)	COTA DE CONSUMO (€/M3)
DOMÉSTICO	13,46	0	30	0,1122
		31	45	0,1310
		46	60	0,6017
		61	99999	0,8028
INDUSTRIAL CATEGORÍA I	35,56	0	30	0,1802
		31	90	0,1903
		91	300	0,5116
		301	500	0,7286
		501	1000	0,7990
INDUSTRIAL CATEGORÍA II	22,64	0	30	0,1802
		31	90	0,1903
		91	300	0,4927
		301	500	0,7286
		501	1000	0,7990
INDUSTRIAL CATEGORÍA III	24,27	0	30	0,1802
		31	90	0,1903
		91	300	0,5116
		301	500	0,7286
		501	1000	0,7990
OBRA MENOR	65,31	0	30	0,1802
		31	90	0,1903
		91	300	0,5116
		301	500	0,7286
		501	1000	0,7990
OBRA MAIOR	182,68	0	30	0,1802
		31	90	0,1903
		91	300	0,5116
		301	500	0,7286
		501	1000	0,7990
		1001	99999	0,8675

## CADRO IV: Cotas de servizo e consumo para a depuración en alta.

USO	COTA SERVIZOS (€/TRIMESTRE)	DENDE (M3/TRIMESTRE)	ATA (M3/TRIMESTRE)	COTA DE CONSUMO (€/M3)
DOMÉSTICO	5,37	0	30	0,1301
		31	45	0,1519
		46	60	0,6976
		61	99999	0,9309
INDUSTRIAL CATEGORÍA I	14,17	0	30	0,2109
		31	90	0,2201
		91	300	0,5930
		301	500	0,8447
		501	1000	0,9263
INDUSTRIAL CATEGORÍA II	9,01	0	30	0,2109
		31	90	0,2201
		91	300	0,5724
		301	500	0,8447
		501	1000	0,9263
INDUSTRIAL CATEGORÍA III	9,66	0	30	0,2109
		31	90	0,2201
		91	300	0,5930
		301	500	0,8447
		501	1000	0,9263
OBRA MENOR	26,04	0	30	0,2109
		31	90	0,2201
		91	300	0,5930
		301	500	0,8447
		501	1000	0,9263
OBRA MAIOR	72,81	0	30	0,2109
		31	90	0,2201
		91	300	0,5930
		301	500	0,8447
		501	1000	0,9263
		1001	99999	1,0055

Dentro do uso industrial inclúense as seguintes categorías:

- Categoría I: nesta categoría englobanse comercios en xeral, oficinas, pequenas clínicas, bancos, salóns de peiteado e negocios non incluídos nas categorías II e III.

- Categoría II: nesta categoría englobanse negocios relacionados coa hostalaría coma bares, restaurantes, establecementos hoteleiros, cines, residencias ou similares.

- Categoría III: nesta categoría englobanse talleres, concesionarios, gasoleiras, industrias, naves industriais ou similares.

4.- Por cada acomedita á rede xeral: unha cota mínima con carácter xeral de 50,87 € ou a que resulte de multiplicar 25,45 € polo número de vivendas e locais comerciais, industriais e profesionais asentados no inmovible, no caso de que esta sexa superior.

5.- Cando se trate daqueles outros servizos que se presten, como limpeza de fosas sépticas e pozos negros, formularase a correspondente conta de gastos de persoal e material investido, conforme aos datos que sexan facilitados polo servizo da rede de sumidoiros, procedendo á liquidación correspondente as persoas obrigadas ao pagamento.

6.- Por cada acometida á rede xeral de saneamento na zona rural 862,07 €/vivenda. No caso de solicitarse durante a execución da obra de instalación da rede xeral, aplicarase unha cota reducida de 732,76 €/vivenda”.

7.- No caso de baleirados de fosas sépticas nas estacións depuradoras de augas residuais (EDAR) de titularidade municipal establécese unha cota de 18,73 €/m3.

## ARTIGO 12.- NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO

1.- A obrigación de pagamento nace cando se inicie a actividade municipal de prestación do servizo que constitúe o seu suposto de esixencia, coas seguintes peculiaridades:

- a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o solicitante a formulase expresamente.
- b) Desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. A remuneración por esta modalidade da cota producirase con independencia de que se obtivese ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.
- c) Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, (tanto no saneamento en baixa como no saneamento en alta) e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para todos os terreos do municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista a rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e o terreo non exceda de cen metros, e percibirase a cota aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

2.- As tarifas correspondentes esixiranse no momento de darse de alta do servizo, con carácter previo á súa prestación.

3.- A obrigación de pago cando se trate de actividades ou servizos de tracto sucesivo ou aos que corresponde facturación periódica, nace no momento en que se formalice o contrato ou póliza de abono e, cando se trate de actividades puntuais, nacen cando se solicita á entidade xestora o servizo ou, no seu caso, cando pola mesma realízanse as actividades que dan dereito ao seu esixencia.

## ARTIGO 13.- NORMAS DE XESTIÓN

1.- Os obrigados ao pago, segundo indícase no artigo 10 desta ordenanza, formularán as declaracións de alta e baixa nas oficinas da entidade xestora do servizo. no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade do inmovible e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións causarán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez rematado o prazo de presentación das ditas declaracións de alta e baixa.

O propietario ou o usufrutuário, segundo os casos, estará obrigado ao pagamento das cantidades facturadas á vivenda ou local, unha vez abandonados os inmovibles polos arrendatarios ou os titulares de dereitos de uso, si non comunica calquera cambio de arrendamento ou actividade.

2.- A alta no servizo farase de oficio unha vez concedida a licenza de acometida á rede.

3.- As cotas esixibles pola prestación dos servizos facturaránse e recadaránse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministración e consumo de auga.

4.- No suposto de licenza de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude á entidade xestora, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será liquidada con carácter previo a calquera actuación.

5.- As altas e baixas que se produzan no servizo de abastecemento de auga potable causarán efecto con carácter automático no da rede de sumidoiros (tanto no saneamento en alta como no saneamento en baixa), así como na depuración (nas zonas onde o saneamento verta a unha EDAR de titularidade municipal).

As altas e baixas tramitaránse conxuntamente coa póliza de aboado do servizo de abastecemento de auga potable.

As altas e baixas así como os cambios de tarifas son responsabilidade do obrigado ao pago ou do seu sucesor legal.

Os usuarios do servizo de auga potable, que carezan de rede de sumidoiros, virán obrigados a solicitar a exclusión do servizo por este concepto, ao tempo que tramitan a alta da auga.

## ARTIGO 14.- LIQUIDACIÓN E INGRESO

A liquidación e ingreso da prestación patrimonial de carácter público non tributario, obedecerá ás seguintes normas:

1. O pago do recibo unificado de auga, lixo e saneamento e depuración efectuarase preferentemente mediante domiciliación bancaria en recibo trimestral que será abonado nos prazos de pago previstos no acordo de aprobación adoptado polo Concello.

2. Os recibos impagados serán exaccionados pola vía administrativa de prema.

3. As tarifas establecidas neste ordenanza non inclúen o Imposto do Valor Engadido (IVE) que lles será de aplicación en cada caso conforme á normativa vixente.

4. O cese no subministro por peche ou demolición dos edificios ou, por desocupación das vivendas ou locais, deberá ser comunicado polo abonado interesado que solicitará a correspondente baixa no servizo. En caso contrario, o abonado continuará suxeito ao pago da prestación e ás demais responsabilidades que poidan derivarse do uso do servizo.

## ARTIGO 15.- BONIFICACIÓNS

Salvo que se constate a inexistencia de situación de necesidade, conforme ao disposto no Regulamento Municipal de Axudas Financeiras, poderán terse en conta criterios xerais de capacidade económica das persoas obrigadas a satisfacelas cotas resultantes da aplicación das tarifas.

1.- Bonificarase nun 75 por 100 sobre a tarifa prevista:

- As unidades familiares de 1-2 membros que non alcancen o 100% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

- As unidades familiares de 3-4 membros que non alcancen o 125% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

- As unidades familiares superiores a 4 membros que non alcancen o 150% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

2.- Bonificarase nun 50 por 100 sobre a tarifa prevista:

- As unidades familiares de 1-2 membros con capacidade económica comprendida entre o 100% e o 110% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

- As unidades familiares de 3-4 membros con capacidade económica superior ao 125% do IPREM e que non supere o 135% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

- As unidades familiares superiores a 4 membros con capacidade económica superior ao 150% do IPREM e que non superen o 160% IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

(\*). En aplicación do Real decreto – Lei 3/2004, a referencia ao IPREM ven determinada pola contía anual con inclusión das pagas extraordinarias.

3.- Para o cómputo da renda teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal, de manterse a mesma situación no momento da solicitude. Caso de variar a situación económica, ou de non estar obrigado a presentar a declaración fiscal, teranse en conta os datos fiscais dispoñibles, pensión coñecida, así como calquera outro ingreso ou recurso económico da unidade de convivencia.

4.- Esta bonificación unicamente poderá ter lugar para a que sexa a vivenda familiar habitual.

5.- O prazo para solicitar a bonificación será dende o 1 de setembro ao 20 de setembro de cada ano, producindo os seus efectos a partir de xaneiro do ano seguinte.

6.- A solicitude, según modelo oficial facilitado polo Concello, incorporará a declaración responsable de que o beneficiario deberá estar ao corrente no pago das súas débedas coa Facenda Municipal, en cumprimento do art. 51.6 da Ordenanza fiscal nº1 Xeral de Xestión, Recadación e Inspección.

Para o caso de vivendas alugadas o acordo adoptado na resolución desta solicitude será notificado ao propietario do inmovible.

Coa solicitude deberán acompañar a documentación que na mesma se especifica.

7.- As bonificacións concedidas poderán ser obxecto de revisión, a petición do interesado ou de oficio, por modificación das condicións tidas en conta para a concesión da bonificación.

## IV.- REVISIÓN DE ACTOS, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

### ARTIGO 16

De conformidade co artigo 14.2 do TRLRFL, contra os actos ditados en aplicación da presente Ordenanza procederá o recurso de reposición no prazo dun mes contado dende a finalización do periodo voluntario de cobranza.

Para cualificación das infraccións e das sancións que en cada caso procedan estarase a lo previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e na Lei de bases de réxime local.

## V.- DISPOSICIÓNS COMÚNS ÁS PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS

### ARTIGO 17. NORMAS COMÚNS DE XESTIÓN

1.- A facturación do importe resultante da aplicación das tarifas pola prestación dos servizos de carácter periódico regulados na presente ordenanza farase trimestralmente, en xeral, mediante recibo, fóra do caso de fraude que se fará por actas de inspección.

No devandito recibo poderán incluírse, no seu caso, outras tarifas, taxas, tributos ou prezos públicos de titularidade de terceiros, tales como a taxa de lixo, canons autonómicos, etc.

2.-No suposto de servizos non periódicos, o abonado ou usuario virá obrigado a presentar ante a entidade xestora a correspondente declaración ou solicitude, segundo modelo determinado por esta, que conterá os elementos imprescindibles para a facturación procedente. Nestos casos, o recibo se expedirá contra a solicitude do servizo ou cando pola entidade xestora se realizara a actividade que de lugar á obriga de pago se a mesma debe realizarse de oficio e non a solicitude do abonado ou usuario. O pago destes servizo realizarase con carácter previo a súa prestación.

3.- En caso de alta ou baixa dos servizos as cotas trimestrais se facturarán prorrateándose por días naturais, de maneira que, no trimestre no que se produza un alta, esixirase a cota que corresponda desde o día do alta ata o último día do trimestre, ambos inclusive, e, no trimestre no que se produza a baixa, esixirase a cota que corresponda desde o primeiro día do trimestre ata o día da baixa, ambos inclusive. O pago destes servizo realizarase con carácter previo a súa prestación.

4.- As cotas lexitimamente impostas en virtude desta ordenanza que non se puidesen facer efectivas no proceso da súa recadación darán lugar á suspensión e corte do servizo de auga, con baixa do interesado ata que non pague a súa débeda e unha cantidade igual a 36,97 € en concepto de reposición, estando para a declaración de partidas incobrables, se é o caso, ás normas xerais de aplicación así como á restante normativa aplicable á materia.

5.- Calquera referencia que poida conter o Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento do Concello de Narón ás ordenanzas fiscais reguladoras das taxas polos servizos de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais entenderase realizada á presente ordenanza non tributaria trala súa entrada en vigor.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

1.- As cotas relacionadas no cadro II do artigo 11 desta ordenanza non se aplicarán ata que entre en funcionamento a instalación dos "Interceptores da marxe dereita da Ría de Ferrol", e se inicie a explotación de dita infraestruturas.

2.-As cotas relacionadas no cadro III do artigo 11 desta ordenanza non se aplicarán, nas zonas afectadas por unha EDAR de titularidade municipal, mentres non se inicie a explotación da correspondente EDAR.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

1.- A presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e trancorra o prazo previsto no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2021 permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2.- Para o non previsto na presente ordenanza, será de aplicación, subsidiariamente, o previsto no Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, Regulamento Xeral de Recadación e Ordenanza nº 1 Fiscal Xeral do Concello de Narón.

O que se publica para coñecemento xeral, tendo transcorrido xa o prazo previsto nos artigos 65.2 en relación co 56.1 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

Contra a citada aprobación, que é definitiva en vía administrativa, pode interperse recurso contencioso-administrativo diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados dende o seguinte á presente publicación, segundo o disposto no art. 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Narón, 12 de novembro 2020

A alcaldesa- presidenta

Marián Ferreiro Díaz

2020/8371